

Diario de Pontevedra

A AELG celebrará o seu VI Congreso de Escritores en Pontevedra en setembro

A Asociación de Escritores en Lingua Galega ten aberto un prazo de presentación de temas a debater. A actividade terá lugar o 26 de setembro nun espazo por determinar

Miércoles 24 de Junio de 2015 | Belén López | Pontevedra

Pontevedra acollerá en setembro o VI Congreso de Escritores. Así o vén de anunciar a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) na súa páxina web, onde avanza as actividades que ten pensado desenvolver no segundo semestre do ano, segundo acordou o seu Consello Directivo, reunido esta semana en Santiago.

Segundo a AELG, neste congreso, que terá lugar o 26 de setembro nun espazo por determinar, tomaráselle "o pulso á nosa literatura e ás preocupacións dos escritores co ánimo de lles buscar solucións e instrumentos para a necesaria visibilidade social do noso sistema literario". Ademais, a asociación informa tamén de que abriu un prazo de presentación de temas a debater dirixido aos autores.